

MODOS DE ENCHER A DE- CLARACIÓN

A Obxección Fiscal concrétese no momento de encher o impreso que facilita a Axencia Tributaria para facer a Declaración da Renda. O mellor é facer a declaración de renda ordinaria ou simplificada e non a folla de devolución rápida. Pódese facer a man, coa axuda do programa informático da Axencia Tributaria.

Propómosche a cifra simbólica de 84,00 € en protesta polos 84 países empobrecidos pola débeda externa, ou ben calquera outra cantidade fixa dende 1 €.

Ingresa a cantidade da túa obxección fiscal no proxecto que elixas (pide dous recibos, un para ti e outro para incluír na túa declaración).

É conveniente que achegues tamén unha instancia dirixida ao Delegado/a de Facenda (ver modelo en <http://www.nodo50.org/objeccionfiscal/>) alegando os motivos da túa Obxección aos Gastos Militares; nela comunícalle o total do diñeiro desviado e o proxecto social alternativo

que escolliches.

Enches os impresos da declaración e ao chegar ás deducións xerais, tacha o enunciado dunha das casas e engade “por obxección fiscal aos gastos militares” e a cantidade elixida.

Se utilizas medios informáticos podes incluila nalgún dos apartados en que a dedución da cantidade global se fixa en “tanto por cento”, senón podes incluila directamente a man.

E para rematar **envíanos os datos** da túa Obxección Fiscal (tipo de declaración, cantidade detraída e proxecto elixido) á dirección: CGT - OF 2008, C/ Sagunto 15 1º, 28010 Madrid, ou ao correo sp-a.socialcgt.es

LEMBRA: aínda que a declaración che saia a pagar, a devolver ou de cota líquida cero, sempre te podes declarar persoa obxectora fiscal, reclamar o diñeiro que dos teus impostos se destina ao gasto militar, e desvialo ao proxecto alternativo.

Se tes dúbidas, consulta:
http://www.nodo50.org/tortuga/article.php?id_article=3640



**NO PAGUES
LA GUERRA
con tus impuestos**



¿Que é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar - OFGM?

A OFGM é a non disposición a colaborar cun dos peores xeitos que o capitalismo se estende a nivel mundial: co militarismo e as guerras, aínda que estas sexan maquiadas ultimamente como “intervencións humanitarias” ou “guerras contra o terrorismo”.

Coa OFGM estamos desobedecendo activamente ao gasto militar no momento de realizar a declaración da renda (IRPF). A nivel puramente técnico, consistiría en deducir dos nosos impostos a parte que se destinaría a fins militaristas.

Coa OFGM non estamos a fomentar ou impulsar uns “impostos á carta” como algunha xente cre, senón que empregamos unha ferramenta enmarcada dentro da desobediencia civil, é dicir, o desobedecer e quebrantar, pública e colectivamente, unha lei ou norma que se considera inxusta, buscando a súa superación pola sociedade (neste caso, o gasto mi-

litar e o militarismo).

O fin último da OFGM é a eliminación dos exércitos, da investigación militar e do complexo militar-industrial, mediante unha redución progresiva dos gastos militares. Facendo OFGM amosamos o rexeitamento social que ten o gasto militar en particular e o militarismo en xeral, ao mesmo tempo que nos solidarizamos con outras loitas que se dan na nosa sociedade por medio dos proxectos elixidos.

Co diñeiro que desviamos ao facer a OFGM na nosa declaración, a Confederación

Xeral do Traballo propón apoiar economicamente loitas concretas, caixas de resistencia ou proxectos sociais afíns á organización e ás ideas anarcosindicalistas. Achegando ese diñeiro que se saca dos nosos actos de desobediencia conséguese facer realidade aqueles proxectos sociais que non reciben subvencións, e que permiten seguir traballando por unha sociedade máis xusta e equitativa.



Proxecto UN: TERRITORIO DOMÉSTICO



Somos Mulleres de varios países, diferentes nacionalidades e experiencias. Algunhas con papeis, outras sen papeis.

Traballamos como empregadas domésticas. Temos unhas condicións laborais que nos fan moi vulnerábeis. As difíciles condicións e o medo funcionan illándonos, separándonos.

Por iso decidimos loitar xuntas, como verdadeiro desafío ao illamento e ao medo, como xeito de facermonos máis fortes.

O emprego do fogar sostén a vida de milleiros de fogares acotío e, con todo, é un traballo invisíbel, infravalorado. Queremos que isto cambie, que se equipare có Réxime Xeral, un paso importante no recoñecemento do seu valor, e que as traballadoras sen papeis teñan os mesmos dereitos que o resto.

CONCEPTO: OF DOMÉSTICO

Nº. Conta :

2038-1939-42-3000487457

Proxecto DOUS: ANTIMILITARISMO EN PARAGUAI

Desde hai anos en Paraguai existen diversos grupos antimilitaristas que traballan por unha sociedade desmilitarizada e fano apoiando outras loitas (labregos, dereitos humanos, mocidade, etc.).

A Obxección Fiscal deste ano dedicárase a apoiar ao movemento antimilitarista de Paraguai e a acción que a IRG (Internacional de Resistentes contra a Guerra) preparou para o 15 de Maio, Día Internacional da Obxección de Conciencia, que este ano se centra na situación de Paraguai.

OMOC-PY comprender o concepto de defensa nacional e de defensa dos dereitos humanos e as condicións de vida decentes,

que están máis ameazadas por factores que garantido polas Forzas Armadas.



CONCEPTO: OF PARAGUAI

Nº. Conta :

1491-0001-21-0020002311